

SESIÓN JOCELYNE SAAB #1

AS MULLERES PALESTINAS

Jocelyne Saab, 1974, Francia, 16 min., VOSE

LÍBANO SUR: HISTORIA DUNHA VILA ASEDIADA

Jocelyne Saab, 1976, Francia, 12 min., VOSE

OS NENOS DA GUERRA

Jocelyne Saab, 1976, Francia, 10 min., VOSE

EXIPTO: CIDADE DOS MORTOS

Jocelyne Saab, 1977, Líbano, 35 min., VOSE

[Linguas: francés, árabe e inglés]

As primeiras tres pezas desta sesión céntranse na resistencia palestina no sur do Líbano. Nelas, a directora retrata e dálles voz aos habitantes das aldeas fronteirizas de Hanine e Kfarchouba logo de seren atacadas por sirios e israelís en 1976, ás mulleres palestinas que combaten en Siria e ás crianzas dun barrio beirutí días despois da masacre de Karantina en 1976.

Na cuarta peza, Saab retrata a Cidade dos Mortos, un camposanto habitado por vivos nos arrabaldes do Cairo, para a partir dela mostrar a masificación e a miseria dos populosos barrios cairenses, ameazados día a día pola pasividade das autoridades.

VINDEIRAS SESIÓNS

Luns 22 A VIDA DE BOHEMIA

(Aki Kaurismäki, 1992, Finlandia, 100 min., VOSE)

Martes 23 JOCELYNE SAAB #2

BEIRUT, NUNCA MÁIS (1976) + CARTA DESDE BEIRUT (1978)

+ BEIRUT, A MIÑA CIDADE (1982) [124 min.]

Martes 30 JOCELYNE SAAB #3

O SÁHARA NON ESTÁ Á VENDA (1977, 75 min.)

Organiza:



cineclubepontevedra.blogspot.com.es



cineclubepontevedra



CineclubPo

Coa colaboración de:



JOCELYNE SAAB #1

As mulleres palestinas

Líbano sur: historia dunha vila asediada

Os nenos da guerra

Egipto: cidade dos mortos

CINECLUBE PONTEVEDRA

AS MULLERES PALESTINAS (1974)

En 1973, fixen *As mulleres palestinas* para Antenne 2. Quería ofrecer imaxes destas mulleres, as combatentes palestinas en Siria, daquela escasamente representadas. Foi xusto antes da visita de Sadat a Israel, nun contexto moi tenso. Cando montaba o filme, nas instalacións de Antenne 2, Paul Nahon, entón xefe do servizo exterior da redacción, colleume do pescozo e sacoume da sala de edición. *As mulleres palestinas* nunca se emitiu na televisión.

[Declaracións recollidas por Nicole Brenez en París en 2015]

LÍBANO SUR: HISTORIA DUNHA VILA ASEDIADA (1976)

Con *Líbano sur: historia dunha vila asediada*, tomei conciencia máis seriamente do perigo que se corre ao defender así unha causa. Logo da emisión do filme en France 3, atopeime debatendo co xeneral israelí Moshe Dayan, convidado ao programa para promover o seu libro sobre a guerra, que negaba completamente os feitos dos que eu daba testemuño, isto é, as agresións israelís no sur do Líbano. Á mañá seguinte, vin unha caricatura miña como Moshe Dayan. Entendín que debía mudar a linguaxe, xa que non quería cambiar o meu discurso.

[Declaracións recollidas por Mathilde Rouxel en Beirut en novembro de 2013]

OS NENOS DA GUERRA (1976)

Tiña unha cámara e un coche, tiña a miña casa. Non tiña problemas de cartos, aínda que non tivese moitos. Así que lle dixen ao director de fotografía: vamos! Pasara a noite discutindo cos xornalistas que regresaban da Karantina (o barrio que acababa de ser asaltado polos falanxistas), e presenciara o final da masacre.

Cando o barrio foi asaltado, moitos adultos foron friamente asasinados, e unha vez conquistado o barrio, os asaltantes abriron champaña moi preto dos cadáveres. As crianzas sobreviviron. Cando saíron pola noite, eu non tiña nin luz nin nada, pero seguinlles o rastro para saber onde ían, xa que o barrio da Karantina quedara arrasado e os seus pais foran executados. Vin que ían cara aos bungalós das praias de luxo da cidade, Saint Simon, Saint Michel, que se converteron en barrios marxinais que aínda existen hoxe.

Merquei papel e cores, e fun ao seu encontro ao día seguinte. En canto chamei ao meu director de foto da televisión, Hassan, con quen traballaba, díxenlles: o domingo vouvos gravar, ensinarédesme os vossos xogos. Eles xogan á guerra na praia, e axiña se volve moi violento, tanto que lles mando parar e acabo levando a dous deles ao hospital para que lles dean puntos. Logo volvemos. E é aí cando chega o momento máis forte. Estaban un pouco avergonzados porque tres deles se mancaran, mais era coma se estivesen a sacar a violencia que viviran e acumularan. Non esquezamos que acababan de vivir unha masacre. Atópoos entre os

bungalós, como se fose unha pequena urbanización elegante, e propóñolles seguir filmando. E aí, feridos e traumatizados polo que acababa de ocorrer, libéranse e representan a masacre. Graveino.

Gardei coidadosamente as latas, collín o primeiro avión a París e dirixinme á televisión. Na época facíase así: ou se procedía discretamente a través de compañeiros da televisión ou se seguía o procedemento tradicional, que foi o que fixen esta vez. Fun ver ao meu xefe de redacción, Jean-Marie Cavada, e díxenlle: revelade o filme en 16 mm, mirade as imaxes e se vos gustan móntoo. Revelárono e déronme un editor que traballa ao estilo televisivo. A medida que ía pasando o tempo, os xornalistas pasaban pola sala de edición e preguntábanme se puxera os nenos a actuar. Como podería ter feito iso?

[Declaracións recollidas por Olivier Hadouchi en París en 2012]

Condenáronme a morte como traidora á miña comunidade. Fixera ese filme (*Os nenos da guerra*), que se emitira en France 2 nun momento de boa audiencia. Ese mesmo día, mentres estaba en Beirut, pasei pola rúa Hamra, á que chamaban os Campos Elíseos, cerca do Horse Shoe, un café frecuentado por intelectuais. Alí os quioscos exhibían os xornais en pequenas caixas de cartón e puiden ler nas portadas “condenar a Jocelyne Saab”, “xulgar a Jocelyn Saab”. Na ilustración, puxéranme un parche no ollo e unha cabeza de prostituta. Tiven medo e entendín a guerra nese intre. Subín a rúa e merquei cincuenta exemplares do xornal. Lin e relín ese artigo insultante, inxurioso, intolerante.

[Entrevista por Dominique Huppi en 1999]

EXIPTO: CIDADE DOS MORTOS (1977)

Realicei este filme en febreiro de 1977, tralos disturbios do 18 e 19 de xaneiro do mesmo ano. Varias das secuencias foron filmadas sen autorización. A esquerda exipcia estaba a ser severamente reprimida, e dous dos personaxes que aparecen no filme están actualmente no cárcere: Cheikh Imam, o cantante cego, e Azza, a esposa do poeta exipcio Ahmad Fouad Nagm. É a historia dun cemiterio habitado, a Cidade dos Mortos, que se estende ata as portas do Cairo e linda cos vertedeiros públicos da cidade, como un sinal de acusación pública e mala conciencia. Desde a Cidade, o filme mostra os barrios populares do Cairo, que se hipertrofan, cinguidos de miseria e cada día máis ameazados pola parálise.

[Nota de intencións de Jocelyne Saab]